

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000038.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 24 de setembro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

PLANEAMENTO

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE PARA AGREGACIÓN DAS UNIDADES EDIFICATORIAS 12640 E 12064141 DO PEPRI (PRAZA SANTO DOMINGO, 21-22).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DA MEDIANA NA RÚA DA INDUSTRIA", exp. ref: 2025/C002/000016. ADXUDICACIÓN.

3. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE HIXIENE PARA AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS "SERRA DE OUTES" (LOTE 1) E "GREGORIO SANZ" (LOTE 2). APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025/C004/000025.

4. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac9005812883841382369.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-9-2025

INDIVIDUAL (EPis) PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS DO RECINTO DO CEMITERIO DE SAN FROILÁN E NO MERCADO MUNICIPAL. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025/C004/000023.

FOMENTO

5. APROBACIÓN E POSTERIOR SINATURA DE PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL CONCELLO DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027.

6. APROBAR O TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DO EVENTO LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO 2025.

FANCENDA LOCAL

7. ANULACIÓN DA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL 12398458 RELATIVA Á LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DE PRODUCCIÓN PARA A FABRICACIÓN E ELABORACIÓN DE PRODUTOS PERTENCENTES AO SECTOR ENERXÉTICO, ASÍ COMO AS INSTALACIÓNS, VESTIARIOS, COMEDOR E OFICINAS NECESARIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA, PARCELAS B2 E B3 DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS, EMITIDA A NOME DE NORVENTO ENERXÍA, S.L., E EMISIÓN DE NOVA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

PERSOAL

8. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016), EN EXECUCIÓN DA SENTENZA 00065/2023 DITADA POLO TSX DE GALICIA NO PA 310/2021-S.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

9. ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DOS FONDOS "NEXTGENERATION EU"

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,